

## **DECRETO DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** Convocatoria para a selección con carácter laboral temporal de persoal do Programa “Aprol Rural 2023”( 1 Peón forestal).

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de **1 Peón forestal**, ao abeiro do Programa “Aprol Rural 2023”, de acordo coa orde do 17 de abril de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. (DOG nº22, de 01/02/2023).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 27 de abril de 2023,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

**Presidenta:** D. Manuel Seijas Ferreiro Persoal do Concello de Begonte.

**Suplente:** Dna. Natalia Puente Piñeiro, Persoal do Concello de Begonte.

**Secretaria:** Dna. Sara Martínez Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte.

**Suplente:** D. Antonio Lorenzo Morandeira, Persoal do Concello de Begonte.

**Vogais:**

1º Titular: Dna. María Jesús Blanco Prado, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Persoal do Concello de Baralla.

2º Titular: D. Manolo Prado López, Persoal do Concello de Rábade.

Suplente: Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Persoal do Concello de Láncara.

3º Titular: D. Jose Ángel Balseiro Amido, Persoal do Concello de Rábade.

Suplente: D. Julio González Casanova, Persoal do Concello de Friol.

**SEGUNDO.-** Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o día 15 de maio de 2023 ás 10:30 horas no Salón de sesións sito na Casa do Concello (sita na Praza Irmáns Souto Montenegro), para a súa constitución e proceder a continuación á realización da proba teórica escrita.



Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización da proba teórica (peón forestal), no seguinte horario e lugar:

- 11:00 h. na Sala de Formación de antiga Cámara Agraria de Begonte (sita na Praza Irmáns Souto Montenegro).

\* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente.

O Secretario- Interventor.

Asdo. José Ulla Rocha.

Asdo. Antonio Lorenzo Morandeira.

